

**CONTRATO ADMINISTRATIVO DA OBRA DE ““DOTACIÓN
DE HERBA
SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA.
FASE I”.**

Na Casa do Concello de SILLEDA, a 8 de Agosto de 2017.

COMPARECEN

Dunha parte, Manuel Cuiña Fernandez, Alcalde do Concello de SILLEDA, asistido polo Secretario, Manuel Quintans Queiruga, que dá fe do acto.

Doutra parte, Manuel Taboada Gomez, DNI nº 35.240.006-G, con domicilio en Laro s/n. 36544. SILLEDA, actuando en nome e representación da empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, como Administrador, Polígono Industrial Lalin 2000 . LALI, CIF B-36052876.

INTERVEÑEN

Os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade legal necesaria para outorgar o presente contrato administrativo da obra:

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 20 de Xullo de 2017, adoptouse o acordo, do que se extrae a parte dispositiva, seguinte:

- EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “DOTACIÓN DE HERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA. FASE I”.

ANTECEDENTES

- Na Mesa de Contratación celebrada o 6 de Xullo de 2017 acordouse:

(“”)

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN, DO 6 DE XULLO DE 2017

Licitación do contrato de "DOTACIÓN DE HERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA. FASE I", do Concello de SILLEDA.

... Segue a cualificación das plicas...

TABLA RESUMEN DE LAS PUNTUACIONES ALCANZADAS EN LA CÁUSULA DÉCIMA, atendiendo al pliego de cláusulas administrativas particulares para el concurso de licitación de las obras de: DOTACIÓN DE HIERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA. FASE I

EMPRESA	"Prezo: Ata un máximo de 40 puntos"	"Ampliación Prazo de garantía: Ata un máximo de 10 puntos"	"Melloras valoradas económicamente: Ata un máximo de 20 puntos"	"Outros de criterios: Ata un máximo de 30 puntos"	SUMA
IVANCA, S.L.	26,83	10	4,14	18,75	59,72
ENDENOR	4,65	10	0	12,25	26,9
NEXIA	30,06	10	4,99	27,5	72,55
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	39,51	10	11,6	29,75	90,86
O.P.S.A.	27,35	10	6,22	17,75	61,32
MARCONSA	16,65	10	6,50	26,25	59,4
OREGA	23,46	10	11,88	29,5	74,84
MECANOSPORT	31,30	10	20	24	85,3
OVIGA	27,26	10	11,73	27,25	76,24
ALVAC, S.A.	30,39	10	7,40	24,25	72,04
GALITEC	40	10	8,14	15,75	73,89
COVSA	10,73	10	12,78	26,5	60,01

Visto canto antecede, por asentimento de tódolos presentes,

SE ACORDA:

UNICO: Propoñer a Xunta de Goberno a adxudicación das obras de: "**DOTACIÓN DE HIERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA**" a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, por acadar a maior puntuación dos licitadores (90,86 puntos), de acordo co Prego de Condicións e lexislación aplicable, polo prezo de **399.294,96 €**, incluíndo as melloras que constan na súa oferta.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 12-45 horas do seis (6) de Xullo de 2017, do que, eu, o Secretario, dou fe. Silleda 06-07-2017.

SECRETARIO. Manuel Quintans Queiruga

(“”)

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de "**DOTACIÓN DE HIERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA**" a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, por acadar a maior puntuación dos licitadores (90,86 puntos), de acordo coa Proposta da Mesa.

O prezo de adxudicación é de **399.294,96 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentadas.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente a DOUMENTACIÓN COMPLETA, logo de presentarse mediante declaración responsable, así como certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e **AVAL** por importe do 5% da adxudicación, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

SILLEDA a 21 de Xullo de 2017. O SECRETARIO. Manuel Quintans Queiruga

Tendo en conta o exposto, os comparecentes,

OUTORGAN

Primeiro.- O presente contrato ten por obxecto a execución da obra de “**DOTACIÓN DE HIERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA**”. O prezo de adxudicación é de **TRESCENTOS NOVENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CATRO CON NOVENTA E SEIS CENTIMOS € (399.294,96 €)**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego de cláusulas administrativas e de acordo coa oferta económica e melloras presentadas.

Segundo.- Forman parte integrante do contrato os seguintes documentos:

- a) o prego de cláusulas administrativas particulares
- b) o programa de traballo e o resto da súa oferta, incluídas as melloras.
- c) o presente documento administrativo de formalización
- d) a oferta económica presentada polo contratista.

Terceiro.- O Concello comprométese ao aboamento do prezo do contrato contra a aprobación das correspondentes certificacións da obra executada polo órgano administrativo competente, previa a presentación e aprobación da correspondente factura, nos prazos establecidos pola disposición transitoria 8ª da LCSP. O aboamento do importe das certificacións expedidas ten a natureza de pago a conta do prezo total, sen prexuízo das variacións que se produzan na medición final e sen, en ningún caso, supoñan a recepción da obra. A obra está subvencionada ao 100 %, polo que o adxudicatario colocará un cartel publicitario durante a execución do proxecto, e logo da súa finalización, unha placa explicativa permanente nos que se aprecie que as actuacións contan co financiamento da Deputación de Pontevedra.

Cuarto.- O contratista **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, executará as obras, de conformidade coa súa oferta.

Quinto.- Para o non previsto neste contrato e na restante documentación contractual estarase ao establecido no Texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas no que lle resulte aplicable. Supletoriamente, atenderase ao disposto nas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

E para que conste, asinan este contrato por triplo exemplar no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Alcalde,

O Contratista,

Asdo. Manuel Cuiña Fernandez.

Asdo. Manuel Taboada Gomez
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.,

O Secretario,

Asdo. Manuel Quintans Queiruga.